


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT- ANEAE (Grao en Xeografía e Historia)

2021/2022

R2 DO-0203 P1



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES.....	2
3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS	2
4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO ...	5
5. INFORME DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA.....	6

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Historia contempla a asignación de un/unha titor/a por curso. Partindo deste presuposto renováronse para o actual curso académico 2021-2022 os docentes designados para o anterior na xuntanza da Facultade de Historia do 27 de maio de 2021 http://historia.webs5.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20210527.pdf Xosé Ramón Campos Álvarez (1º curso), Beatriz Vaquero Díaz (2º curso), Susana Reboreda Morillo (3º curso) e Francisco Javier Pérez Rodríguez (4º curso).

De acordo co procedemento establecido, realízase ao alumnado de 1º curso unha enquisa específica no acto de acollida (Anexo II) sobre as circunstancias e causas da súa elección. A todos os cursos, o/a seu/súa respectivo/a titor/a, pásanlle dúas enquisas ao remate de cada cuadrimestre, para valorar a dinámica do mesmo (Anexo III). Ao final do curso (Anexo IV) incluímos outra enquisa de valoración do propio PAT.

A continuación se describen os resultados por anexos.

2. ANEXO II: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES

A sesión de acollida tivo lugar o 3 de setembro de 2021 e a asistencia e participación na enquisa foi un punto porcentual máis elevada que no curso anterior, alcanzando o 70,91% entre o alumnado de grao en Xeografía e Historia e o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Trátase dun resultado que consideramos altamente satisfactorio, tendo en conta ademais as circunstancias da pandemia e os coidados intrínsecos á presencialidade. Esta enquisa é unha primeira toma de contacto coa Facultade. Xunto a información de tipo persoal (DNI, enderezo...), se inclúen outros aspectos como a motivación para elixir a titulación, a posibilidade de asistencia ás aulas, actividades de interese, organización e tempo de estudo, traxectoria académica previa, temas de interese, etc. Destacamos, por exemplo, que a maior parte do alumnado procede da Ensinanza Secundaria e a coincidencia co curso pasado de que o motivo da elección deste título é o seu interese pola Historia, Historia da Arte e Xeografía. As saídas profesionais que recoñecen e buscan neste título seguen a ser as tradicionais, sendo a máis elevada á docencia, seguido da arqueoloxía e o turismo.

3. ANEXO III: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS

No cadro seguinte indícase o número de participantes por curso e cuadrimestre.

Curso	Xuntanza primeiro cuadrimestre	Enquisa segundo cuadrimestre
1º	29	16
2º	12	1
3º	11	6
4º	2	4

No que atinxe aos resultados, cómpre sinalar que en relación co curso pasado diminuíu lixeiramente o número global de participantes consideradas globalmente as dúas xuntanzas. En concreto recolléronse catro enquisas menos, aínda que neste caso é imputable a unha significativa menor participación do alumnado de segundo curso, xa que en primeiro curso o número de participantes mantívose e incrementouse lixeiramente en cuarto curso, sendo de destacar este último caso xa que no curso anterior non acudira ningún alumno/a á xuntanza convocada.

A escasísima participación do alumnado de segundo curso na segunda xuntanza, malia ter sido previamente consensuada co seu delegado, levou á titora a abrir un foro específico a través de Moovi co fin de obter por esta vía suxestións e propostas, que non registrou participación. Esta anomalía podería deberse a factores como o menor contacto coa titora no segundo cuadrimestre, a proximidade de entrega de tarefas e exames e a inexistencia de problemas académicos, pero tamén á percepción de que o PAT non resulta en exceso útil cando non existen situacións problemáticas e tamén, como semella manifestarse no caso de terceiro curso, pola consideración de que non se van producir cambios significativos no desenvolvemento do curso.

Daquela, á marxe desta situación particular, a recuperación completa da presencialidade e do aforo das aulas semella que non se traduciu en alteracións significativas no que atinxe á participación global do alumnado, aínda que si resultou moi positiva xa que desapareceron as queixas e o malestar existente respecto das queixas que foran recorrentes no pasado curso.

Nos informes do profesorado titor apréciase que o alumnado presente está interesado en expresar as súas opinións sobre o discorrer do cuadrimestre na maioría dos casos. En todas as xuntanzas percíbese bo ambiente, e, en xeral, indícase están moderadamente satisfeitos coa dinámica do curso e o desenvolvemento da docencia máis aló dalgunha deficiencia puntual no funcionamento das «aulas integra» no caso de segundo curso e no momento de realización da primeira enquisa, sendo solventada a plena satisfacción segundo o que reflicte a segunda enquisa, con todo, escasamente representativa tendo en conta a baixa participación apuntada.

Con todo, é de facer notar que existen inquedanzas diferentes segundo os distintos niveis. No caso de primeiro curso, o alumnado coincide nas dúas enquisas á hora de sinalar a heteroxeneidade dos horarios, manifestando as diferenzas entre días moi cargados de docencia e outros nos que hai menos aulas. Engaden, así mesmo, que lles gustaría ter exclusivamente horario de mañá. Neste punto, o mesmo a través do titor como dende as diferentes xuntanzas promovidas dende o decanato cos seus representantes, informóuselles das dificultades de casar horarios, sobre todo debido ao PCEO, aínda que para vindeiros cursos tentárase mellorar algúns aspectos ata onde sexa posible. Neste senso, por parte deste último alumnado, tamén se fixo referencia aos inconvenientes que supón terse que desprazar ao longo dun mesmo día dunha a outra Facultade.

O alumnado tamén manifesta o seu interese para que, a pesares de terse recuperado a presencialidade, se lles facilite a posibilidade de continuar recibindo as clases a través do campus remoto e mesmo que se continúe coas gravacións de todas as materias. Por outra banda, non manifestan ter problemas de tipo docente, aínda que solicitan do profesorado que se lles faciliten as notas das diferentes tarefas e dos exames o máis axiña posible para poder axustarse mellor aos requirimentos dos diferentes profesores e profesoras nas probas sucesivas. Asemade, indican que lles gustaría que as clases tiveran máis contido práctico e que houbera máis actividades fora das aulas, considerando que as saídas realizadas ao longo do curso foron moi enriquecedoras. Respecto a esta cuestión, o alumnado de terceiro curso apunta a necesidade de avisar coa máxima antelación posible dos cambios nas datas de saídas.

Finalmente, a alumna do PCEO presente na segunda xuntanza de primeiro curso, apuntou a conveniencia de que houbera un titor específico para este alumnado, inquedanza que xa foi debatida a proposta do decano en diversas xuntanzas con alumnado doutros cursos do PCEO e que será incorporada para o PAT do curso académico 2022-2023 unha vez que foi aprobada a asignación deste profesorado en Xunta de Facultade o 8 de xullo de 2022.

No caso do alumnado de cuarto curso, que non manifestara inquedanzas na primeira xuntanza, apúntase na segunda os pequenos problemas derivados do atraso na

incorporación de profesorado substituto por mor da baixa do profesor titular nunha materia, amosando a súa percepción de que o curso se desenvolveu satisfactoriamente.


4. ANEXO IV: CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

Nun primeiro intre, convocouse ao alumnado para a realización do cuestionario final de satisfacción de xeito presencial, acudindo unicamente seis alumnos, todos eles matriculados en 3º curso. Daquela, dende o decanato, habilitouse unha enquisa a través da Secretaría Virtual e realizáronse diversos chamamentos ao alumnado para fomentar a súa participación, tanto mediante correo electrónico como por parte dos propios delegados de curso. Malia isto, non se rexistrou ningunha participación.

Esta situación foi tratada de xeito específico por parte do decano nunha xuntanza cos delegado dos diferentes cursos. De xeito unánime, os delegados apuntaron como razóns principais o cansazo por parte do alumnado respecto á cantidade de enquisas que reciben ao longo do ano e a percepción de que cando non existen problemas co desenvolvemento da vida académica e docente é maioritaria a percepción de que non é preciso participar neste tipo de enquisas. Engaden, asemade, que se existe algún problema puntual a experiencia demostra que se resolve de xeito moito máis efectivo mediante a comunicación directa co decanato, poñendo como exemplo a cuestión das gravacións en remoto malia a recuperación da presencialidade.

Daquela a análise dos resultados desta enquisa resulta necesariamente nesgada e a comparativa co curso anterior non pode resultar indicativa dado o escaso número de alumnos e alumnas participantes, seis en total. O 83% dos participantes consideran a información previa que se lles subministra do PAT suficiente e o 100% deles cualifican de moi boa ou boa a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas. O 83% afirma que o PAT respondeu «bastante» ás súas expectativas e só un 17% manifesta que «pouco». O alumnado repártese ao 50% ao considerar que a

utilidade do PAT é «bastante» ou «pouca», mentres que o 100% considera axeitado o sistema de seguimento. Porén, a totalidade dos que responderon á enquisa consideran que as datas das actividades non foron axeitadas e, en particular, apuntan á necesidade de realizar a segunda xuntanza máis adiante.



5. INFORME DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO INSCRITO NO PROGRAMA PIUNE NA FACULTADE DE HISTORIA

Neste apartado sintetizamos os resultados dos informes de seguimento do alumnado PIUNE, elaborados polos seus responsables: a profesora Susana Reboreda Morillo, durante o primeiro cuadrimestre, e o profesor Domingo Rodríguez Teijeiro, durante o segundo. Durante o primeiro cuadrimestre concertáronse dúas xuntanzas co alumnado, unha ao inicio de curso e outra ao final do mesmo. Ademais, ofreceuse a posibilidade de contactar coa responsable do programa por vía mail ou por teléfono sempre que o considerasen preciso. Todas as cuestións suscitadas foron resoltas e a dinámica do curso foi correcta. Dos/as cinco alumnos/as, se considerou que un alumno e

unha alumna precisaban de un/unha bolseiro/a de colaboración. Un deles, dado que xa estivera outros anos coa alumna, comezou de forma puntual, pero coa asignación para o alumno de 1º houbo moito retraso, non tanto na convocatoria, como no resultado da asignación que non tivo lugar ata case mediados do mes de novembro.

Como excepción á dinámica de normalidade descrita, unha parte do profesorado formulou moitas dúbidas de como relacionarse cun alumno de 1º curso que presenta unhas características diferentes. Así, solicitouse unha xuntanza coa vicerreitora, co xefe de servizo e coa especialista do gabinete que definira as súas pautas. A esta xuntanza non foi convocada a mencionada especialista, polo que os resultados non foron tan positivos como se agardaba.

Asemade, puxéronse de manifesto certas deficiencias do plan PIUNE, como a tardanza de resolver a asignación da bolsa ou a falta de información directa ao profesorado ante un caso que presentaba tantas dificultades. Finalmente levouse a cabo a xuntanza do profesorado coa técnica do gabinete e aínda que se resolveron certos aspectos, o descontento persistiu e insistíuse na deficiencia do procedemento cando os casos son máis problemáticos. Con todo, os resultados deste alumno do primeiro cuadrimestre poden considerarse satisfactorios.

No segundo cuadrimestre cursaron estudos catro alumnos acollidos ao Programa PIUNE, aos que temos que sumar dous mais que cursan o dobre Grao Turismo e Xeografía e Historia, repartidos en tódolos cursos. A primeira tarefa do novo coordinador a comezo de cuadrimestre foi poñerse en contacto con todos eles para comunicarlles o troco na coordinación do Programa PIUNE. Aproveitouse ese primeiro contacto para recoller calquera tipo de preocupación, problema ou necesidade que puidera existir. En xeral, a resposta por parte do alumnado nesta primeira toma de contacto foi que non existía ningunha cuestión que requirise dunha intervención inmediata e, de feito, algúns dos alumnos do PCEO manifestaron que non tiñan materias de Xeografía e Historia neste cuadrimestre. En contactos posteriores, os comentarios dos alumnos/as foron similares e no único en que insistiron algúns deles foi en que o profesorado seguise a aplicar as recomendacións remitidas pola UNATEN, non porque se deixase de facer, senón porque

lles facilitaban en gran medida o traballo, especialmente no tocante á realización dos exames.

A comezo do cuadrimestre levouse a cabo unha reunión do profesorado que ía impartir docencia no mesmo en primeiro curso, preocupado polas características especiais que presenta un dos alumnos acollidos ao programa que cursa primeiro. Nesta reunión contouse coa presenza do profesorado do anterior cuadrimestre que puido aportar a súa experiencia e coa bolsa que ten ao seu cargo a este alumno. Para todo o profesorado a principal dificultade ven dada pola ausencia de información sobre o alumno e do modo máis adecuado de interactuar con el. Considérase que as pautas remitidas pola UNATEN son unha axuda, agora ben, sen maior explicación non pasan de ser unha receita que se aplica de xeito automático sen coñecer cal é a razón dalgunhas destas recomendacións. Por outra banda, nalgún caso, esas pautas se quedan curtas, o que require da improvisación por parte do profesorado. Con todo, o resultado da reunión foi máis que satisfactorio, xa que axudou ao profesorado a coñecer esas características –que en ocasións poden ser disrutivas– e o modo máis adecuado de afrontalas. Neste senso, convén destacar as achegas realizadas pola bolsa para un mellor coñecemento do alumno.

Ao longo do cuadrimestre, de xeito informal por tratarse de cuestións menores, tense comentado con algún/ha profesor/a as dúbidas ou dificultades que manifestaba algún alumno do Programa na súa materia, algo que sempre foi ben acollido. Insistindo aos alumnos na conveniencia de solicitar titorías para aclarar ese tipo de dúbidas ou calquera outra.

Aínda que con contactos con todo o alumnado, fíxose un especial seguimento de tres dos alumnos/as que, polas súas características poderían presentar, en principio, unha problemática máis acusada. O informe detallado sobre os mesmos foi remitido polo responsable PIUNE ao servizo correspondente.